

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	9
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	10
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	10
o) Outros apartados	10

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos xerais de etapa adecuaranse á realidade do centro e ás súas características. A adecuación dos obxectivos ao contexto e ás características do alumnado do actual curso educativo, pódense consultar en cada unha das Programacións Didácticas que se atopan dispoñibles para a súa consulta no enderezo web <https://www.edu.xunta.gal/proens/>

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A contribución á adquisición das competencias, pódense consultar en cada unha das Programacións Didácticas que se atopan dispoñibles para a súa consulta a través da ligazón <https://www.edu.xunta.gal/proens>

A adquisición da Competencia Dixital está especialmente recollida no Plan Dixital do centro educativo que fixa os obxectivos a acadar en cada nivel educativo.

Asemade fíxose un estudo do uso de recursos dixitais fronte outro tipo de recursos resultando a seguinte asignación, refrendada polo Claustro:

- Infantil: Recursos Dixitais 10%, Outros recursos 90%
- Primaria: Recursos Dixitais 15%, Outros recursos 85%
- Primaria E-Dixgal: Recursos Dixitais 50%, Outros recursos 50%
- ESO: Recursos Dixitais 25%, Outros recursos 75%

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

No capítulo II; no artigo 16, nos números 9, 10 e 11 e no artigo 17 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllese:

1. Na etapa de educación primaria trátanse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16. (Trátanse contidos de carácter transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento).

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

A nivel de centro, o tratamento transversal enfócase dende a participación en distintos proxectos da Consellería de Educación: Plan Proxecta e Contratos-Programa, coa realización de actividades complementarias para o alumnado do centro. Serán traballados en distintos contextos, situacións de aprendizaxe e conmemoracións.

En Educación Secundaria, segundo o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais organizaríanse do seguinte modo:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os

ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

EDUCACIÓN INFANTIL Visita á biblioteca do alumnado unha vez á semana. De forma diaria, as titoras e a docente AL realizarán traballo de lectura: lecturas por pictogramas, audiocontos, lectura polo equipo docente... EDUCACIÓN PRIMARIA Realización de 20 minutos diarios (11h20-11h40). O emprego da ferramenta E-LBE.2 demostrou ser moi positiva. Valoraranse outras propostas para dinamizar a hora de ler. EDUCACIÓN SECUNDARIA En 1º e 2º ESO teñen unha sesión semanal adicada á lectura dentro do horario das horas de libre disposición do centro: en 1º na materia de LC e en 2º en LG. En 3º e 4º ESO: proposta en base á experiencia piloto en 3ºB (un tempo diario con lectura dirixida): Lectura diaria de 15 a 20 minutos.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

EDUCACIÓN INFANTIL En cada aula se dispón dunha biblioteca da que se escollen lecturas segundo a relación cos temas que están a tratar na aula. Isto permite traballar actividades relacionadas coa lectura feita establecendo para elo un clima propio e axeitado para o desenvolvemento deste tipo de actividades, sempre atendendo aos intereses e motivacións do alumnado. EDUCACIÓN PRIMARIA 1ºCiclo: Actividades de pre-lectura e lectura compartida oral debido ao estado de asimilación da lectura. As lecturas son escollidas polos docentes. O alumnado de 2º realiza un miniproxecto asociado á lectura realizada e un pequeno debate. 2ºCiclo: As lecturas realízanse na aula, en voz alta, cos libros seleccionados pola titoría ao inicio do curso educativo. As persoas que comparten a lectura nun grupo-clase coordínanse coas titorías correspondentes. 3ºCiclo: Lectura compartida ou autónoma e debate posterior sobre o lido con elaboración dun miniproxecto cando terminan a lectura do libro. EDUCACIÓN SECUNDARIA En 1º ESO xestiónase a visita á biblioteca municipal para que teñan acceso á mesma e aos recursos que ofrece. En 1º e 2º ESO é o departamento correspondente quen sinala a lectura e actividades relacionadas a realizar. En 3º e 4º ESO: A lectura pautada común en voz alta e cunha reflexión coa persoa titora ou encargada da lectura será escollida polo departamento de Orientación, de temática axeitada e ambientada no mundo adolescente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No capítulo segundo, artigo 16, do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle os seguintes principios pedagóxicos:

Artigo 16. Principios pedagóxicos

1. Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

3. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e

potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.

4. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

5. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.

6. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

9. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

10. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

11. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores. O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia Artigo, recolle no seu artigo 17 os principios pedagóxicos a seguir:

O centro asume as indicadas na normativa vixente:

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentaranse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II deste decreto para cada unha das materias ou dos ámbitos.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial

relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Ao tratarse dun centro con tres etapas educativas e certa complexidade, o uso dos recursos terá que ser notificado e reservado previamente.

Asemade, os recursos acadados a través de participación en proxectos atenderá ás normas de uso dos mesmos.

O alumnado achegará o material preciso para a realización das súas propias tarefas.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro establecerase en base aos intereses do alumnado e atenderá aos condicionantes do persoal docente do centro.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Seleccionaranse aquelas actividades complementarias que teñan relación co currículo das materias e os proxectos que se leven a cabo, potenciando, na medida do posible, a colaboración entre distintos niveis educativos e departamentos, co fin de optimizar o valor didáctico da actividade. Aceptarase a participación nos programas educativos apropiados que oferten a Consellería de Educación, Universidades ou actividades complementarias do Concello de Baiona.

En función da oferta dispoñible, as actividades poderán adaptarse ou modificarse en relación ao que estaba previsto na programación anual de actividades complementarias.

No caso de ter que elaborar uns criterios de selección para a participación en actividades propostas por entidades educativas, que esixan un número determinado de participantes, estes serán acordados polo equipo docente ou o equipo de traballo que elabora o proxecto da actividade.

Tamén se levará a cabo un rexistro das actividades realizadas por cada nivel educativo, para tratar de evitar na medida do posible a repetición da participación do alumnado nas mesmas actividades.

Por último, terase en conta un reparto equitativo das actividades entre os distintos niveis educativos, co fin de evitar que estas incidan sempre nos mesmos grupos de alumnado.

Por acordo do Claustro, as actividades complementarias e extraescolares veranse suspendidas nas dúas semanas lectivas anteriores á sesión de avaliación de cada trimestre.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
 - f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
 - g) Seguimento e avaliación.
 - h) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Este ítem só é de aplicación á etapa de Educación Secundaria.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Segundo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase ao longo de todo o curso.
2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

No capítulo IV, Artigo 50 desta orde establece: Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un

plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, polo menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios de promoción Ed. Primaria

En Educación Primaria os criterios xerais para a avaliación están recollidos nas distintas programacións didácticas.

A promoción nos cursos de 1º, 3º e 5º será automática.

Os criterios de promoción en 2º, 4º e 6º curso atenderán ao seguinte.

A ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu capítulo IV artigo 22 expón:

Ao finalizar o curso segundo, cuarto e sexto da etapa de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno.

A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

A permanencia dun ano máis, no mesmo curso, do alumnado de 2º, 4º e 6º de E. P é a medida máis adecuada para favorecer o desenvolvemento deste alumnado, cando obteña unha cualificación negativa (Insuficiente) nun total de tres áreas. E dado que os obxectivos de cada área ou materia, se concretan cos descritores operativos das competencias clave e cos obxectivos xerais da etapa; esta vinculación propicia que a avaliación destes últimos, a través dos criterios de avaliación asociados, poida concluír o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída, como se determina nesta orde.

Criterios de promoción en Educación Secundaria

Respecto da avaliación (artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022):

- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

- A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso, a cal coincidirá coa terceira avaliación.

Respecto da promoción:

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción, por voto directo. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que:

- a) superase as materias ou os ámbitos cursados.

- b) teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

- c) o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. A estes efectos, considérase que todas as materias teñen a mesma natureza e relevancia pois todas elas

conforman o currículo do alumno/a. Considerarase acadada esta condición sempre que o alumno/a teña avaliación positiva no 66% das horas da súa matrícula.

- Considérase que non existe expectativa de recuperación e polo tanto non hai promoción cando teña unha valoración negativa en todas as competencias clave.

- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. Para isto, terase en conta a media ponderada da cualificación das competencias clave en base ao perfil competencial, tendo que ser esta igual ou maior a 5.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación (xa aplicado actualmente co plan de materias pendentes).

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

Respecto da titulación (artigo 10):

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. Para isto, terase en conta a media ponderada da cualificación das competencias clave en base ao perfil competencial, tendo que ser esta igual ou maior a 5.

- c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. O equipo docente manifestará o seu xuízo por voto directo. Segundo recolle o artigo 7. 11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Procedemento a seguir respecto da avaliación de materias pendentes.

Cada departamento preparará un plan de recuperación de materias pendentes para cada alumno/a que teña que recuperar a materia. Cada departamento deberá especificar cal é o mecanismo de recuperación que se levará a cabo.

Establécense períodos a metade de trimestre, coincidindo coas pre-avaliacións, segundo decidan os departamentos, para a realización de probas escritas fóra do horario lectivo de ser preciso, para aquelas materias que non teñen continuidade ou pola imposibilidade de realizarse no seu horario lectivo.

O alumnado terá a opción de presentarse nas xornadas de recuperación ordinarias de xuño.

Informarase da evolución das materias pendentes ao mesmo tempo que as outras materias cursadas.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

As matrículas de honra son de aplicación ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria.

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Así pois acórdase conceder a matrícula de honra ao alumnado cuxa media do curso sexa igual ou superior a 9, ata o número límite de alumnado fixado na normativa. En caso de empate, o equipo docente, na sesión de avaliación, dirimirá valorando a nota media do alumnado acadada no curso inmediatamente anterior. No caso de atopar novamente un empate, seguirase consultando a nota media dos cursos anteriores ata lograr nalgún curso o desempate, poidendo chegar a consulta dende a ESO ata a etapa de Infantil de ser preciso.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas completas, segundo o modelo PROENS, estarán dispoñibles en <https://www.edu.xunta.gal/proens/>.

A súa avaliación estará recollida na propia PD:

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro participará nos programas educativos apropiados que oferten a Consellería de Educación, Universidades ou actividades complementarias do Concello de Baiona.

Será preciso contar cunha persoa coordinadora que asuma as funcións, así como, de ser o caso, cun equipo de traballo. Preferirase aqueles que recoñezan oficialmente a participación do persoal e acheguen o financiamento asociado.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión, avaliación e modificación da concreción curricular será elaborada de forma anual no seo da Comisión de Coordinación Pedagóxica e supervisada polo Claustro do centro.

o) Outros apartados

1. Peche